

IES DE ALLARIZ

# PROGRAMACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 2020-2021

Nuria López Rodríguez. Xefa do departamento de Física e Química  
Vanesa Parga Díaz. Profesora do departamento de Física e Química

# Índice

1. Introducción.....	3
2. Contextualización.....	6
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	8
3.1 FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO.....	9
3.2 FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO.....	18
3.3 FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO.....	27
3.4 FÍSICA E QUÍMICA 1º DE BACHARELATO.....	39
3.5 QUÍMICA 2º BACHARELATO.....	54
3.6 FÍSICA 2º BACHARELATO.....	66
4. Concreción dos obxectivos para o curso.....	81
4.1 Obxectivos de Educación secundaria obrigatoria.....	81
4.2 Obxectivos do Bacharelato.....	82
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel.....	83
5.1 Temporalización.....	83
5.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	89
5.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.....	89
6. Concrecións metodolóxicas.....	89
7. Materiais e recursos didácticos.....	93
8. Criterios e procedementos sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Instrumentos de avaliación.....	94
8.1 Criterios e procedementos de avaliación, cualificación e instrumentos de avaliación....	94
8.2 Cualificación final e plan de recuperación.....	98
8.3 Avaliación Extraordinaria.....	98
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	99
9.1 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino.....	99

9.2 Indicadores para valorar a práctica docente.....	99
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias.....	100
pendentes.....	100
11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos.....	100
12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar .	101
como consecuencia dos seus resultados.....	101
13. Medidas de atención á diversidade.....	102
14. Temas transversais.....	102
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	104
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en.....	105
relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	105

## 1. Introducción

A ciencia na sociedade actual é un área de coñecemento imprescindible para comprender os avances tecnolóxicos que continuamente se están producindo e que, aos poucos, van transformando as nosas condicións de vida.

A Física e a Química ocupan desde fai séculos, un papel moi importante na parte máis alta da ciencia; baseado na comprensión da natureza. Polo tanto o coñecemento dos principais conceptos destas disciplinas é imprescindible para chegar a comprender as bases e consecuencias doutras como son: bioloxía, xeoloxía, medicina, etc.

Foi no campo das ciencias Bioquímica, Física e Química onde os logros conseguidos polos investigadores foron máis espectaculares, sobre todo en aspectos directamente relacionados coas telecomunicacións, a saúde, o medio ambiente e os recursos tecnolóxicos. Por esta razón, os coñecementos científicos deben integrarse no currículo básico: tanto no segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria coma no Bacharelato, para que a formación integral do alumno/a, tanto científica como humanística, estea debidamente compensada. Coñecendo os aspectos básicos de ambos os campos, os alumnos/as terán a posibilidade de elixir o seu futuro con expectativas de éxito.

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren científicamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á competencia propiamente científica cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de

comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a competencia dixital merece un tratamento específico no estudo desta materia. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestructura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

Xa máis polo miúdo a materia de Química no bacharelato debe contribuír a afondar no coñecemento do mundo que rodea o alumnado, á familiarización coa actividade científica e tecnolóxica, e ao desenvolvemento das competencias clave. Desde esta disciplina débese seguir atendendo ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente, en particular ás aplicacións da química, á súa presenza na vida cotiá e ás súas repercusións directas en numerosos ámbitos da sociedade actual. A súa relación con outros campos de coñecemento, como a bioloxía, a medicina, a enxeñaría, a xeoloxía, a astronomía, a farmacia ou a ciencia dos materiais, por citar algúns, fai que contribúa a unha formación crítica en relación co papel que a química desenvolve na sociedade, tanto como elemento de progreso como polos posibles efectos negativos dalgúns dos seus desenvolvementos.

A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, á súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e coa comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor, dada a capacidade da química para resolver problemas humanos e responder a diferentes necesidades sociais.

No caso da física; está presente en todas as nosas actividades diarias; é parte de todos os sucesos naturais e daqueles inventos que axudaron as persoas a conseguiren progreso tecnolóxico e a melloraren as súas condicións de vida. Aproveitando os coñecementos físicos modernos facilitouse a elaboración dos produtos necesarios para a humanidade: chegouse á Lúa, colocáronse satélites de comunicacións en órbita, mellorouse o desenvolvemento dos automóviles, coñécese con anticipación a formación

de furacáns e, en xeral, o estado do tempo, fábrícanse mellores electrodomésticos, barcos, avións, maquinarias pesadas e todos aqueles artefactos que as persoas puxeron ao seu servizo na industria.

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física proporciónalle ao alumnado unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende os seus obxectivos. Física no segundo curso de bacharelato é esencialmente educativa e debe abranguer todo o espectro de coñecemento da física con rigor, de forma que se asenten as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores. Á súa vez, debe dotar o/a alumno/a de novas aptitudes que o capaciten para a súa seguinte etapa de formación, con independencia da relación que esta poida ter coa física.

## 2. Contextualización

O IES de Allariz é un centro de ensino público, de ESO, Bacharelato e Ciclos neste curso ten matriculados aproximadamente 250 alumnos/as distribuídos en grupos:

- 3 de 1º ESO
- 3 de 2º ESO
- 2 de 3º ESO
- 2 de 4º ESO
- 2 de 1º de BACHARELATO
- 2 De 2º de BACHARELATO

Conta con 36 profesores/as, unha orientadora, unha administrativa, dúas conserxes e dúas auxiliares de limpeza a tempo completo e unha a tempo parcial.

O I.E.S. de Allariz é o único centro de ensinanza obrigatoria de Allariz e recibe alumnos do colexio C.P.I Padre Feijoo (Allariz) e o C.P.I Padre Crespo (Xunqueira de Ambía).

Para acceder ao instituto contan co transporte escolar, excepto os alumnos que residen no núcleo.

O Departamento está formado por dúas profesoras que imparten as seguintes materias:

- Vanesa Parga Díaz: FQ (2º ESO B, C) e FQ (3º ESO A, B, C)
- Nuria López Rodríguez (Xefad de departamento): FQ (4º ESO A), FQ (1º BACHARELATO), Química (2º BACHARELATO) e Física (2º BACHARELATO)



### **3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

A continuación detállanse non só os perfís competenciais relacionados con cada estándar de aprendizaxe, senón que se recolle a relación entre obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución, unidades didácticas e as competencias clave. Cando algún apartado da programación estea relacionado con algún dos anteriores aspectos, farase referencia a esta sección para levar a cabo a consulta oportuna.

#### **LEENDA COMPETENCIAS**

CCL Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD Competencia dixital.

CAA Competencia aprender a aprender.

CSC Competencias sociais e cívicas.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC Conciencia e expresións culturais.



### 3.1 FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

Física e Química. 2º de ESO						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica						
f h	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	50%	UD 1	CAA CCL CMCCT
			FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	50%		CCL CMCCT
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	75%		CCEC CMCCT
b f	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	75%		CMCCT
			FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	75%		CSIEE CMCCT
F	B1.5. Traballo no laboratorio.	B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	75%	CMCCT CCL	
			FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e	75%	CMCCT	

Física e Química. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
			identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.			
efhi	B1.6. Procura e tratamento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	50%		CAA CCL CMCCT
			FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	50%		CAA CD CSC
b e f g h i	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. B1.5. Traballo no laboratorio. B1.6. Proxecto de investigación.	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	50%	UD 1	CAA CCEC CCL CD CMCCT CSIEE
			FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	75%		CAA CSC CSIEE
Bloque 2. A materia						
bf	B2.1. Propiedades da materia. B2.2. Aplicacións dos materiais.	B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	75%	UD 2	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
			FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	50%		CMCCT
			FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	75%		CMCCT
b f	B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	75%		CMCCT
			FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	50%		CMCCT
			FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	75%	CMCCT	
			FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	75%	CMCCT	
F	B2.4. Leis dos gases.	B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	50%	UD 2	CMCCT
			FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	50%		CAA CMCCT
F	B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese:	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de	75%	UD 3	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
	disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	mesturas de especial interese.	mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.			
			FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	75%		CMCCT
			FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	50%		CCL CMCCT
F	B2.7. Métodos de separación de mesturas.	B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplícalos no laboratorio.	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	75%		CAA CMCCT CSIEE
Bloque 3. Os cambios						
f h	B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química.	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	75%	UD 5,6	CMCCT
			FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	50%		CCL CMCCT
			FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	50%		CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
F	B3.2. Reacción química.	B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	75%		CMCCT
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	50%		CMCCT
			FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	75%		CMCCT CSC
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	50%		CMCCT CSC CSIEE
Bloque 4. O movemento e as forzas						
F	B4.1. Forzas: efectos. B4.2. Medida das forzas.	B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	75%	UD 9	CMCCT
			FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	50%		CMCCT
			FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	75%		CMCCT
			FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os	75%		CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
			resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.			
b f	B4.3. Velocidade media.	B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	50%	UD 8	CAA CD CMCCT
			FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	75%		CMCCT
F	B4.4. Velocidade media. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.	B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	75%		CMCCT
			FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	75%		CMCCT
F	B4.6. Máquinas simples.	B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	50%	UD 8, 10, 11	CMCCT
F	B4.7. O rozamento e os seus efectos.	B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	75%		CMCCT
F	B4.8. Forza gravitatoria.	B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	75%		CMCCT
			FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da	75%		CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
			relación entre esas dúas magnitudes.			
			FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	50%		CMCCT
F	B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz.	B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	50%	UD 8	CMCCT
b e f g	B4.1. Forzas: efectos. B4.8. Forza gravitatoria.	B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	50%	UD 11	CCL CD CMCCT CSIEE
Bloque 5. Enerxía						
F	B5.1. Enerxía: unidades.	B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	75%		CMCCT
			FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	75%	UD 5	CMCCT
F	B5.2. Tipos de enerxía. B5.3. Transformacións da enerxía. B5.4. Conservación da enerxía.	B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiáns, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	75%		CMCCT
f	B5.5. Enerxía térmica. Calor e	B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía,	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en	75%	UD 6	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave	
h	temperatura. B5.6. Escalas de temperatura. B5.7. Uso racional da enerxía.	calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en situacións cotiás.	termos do modelo cinético-molecular, e diferenza entre temperatura, enerxía e calor.				
			FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	75%			CMCCT
			FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	50%			CAA CMCCT CSC
f h	B5.8. Efectos da enerxía térmica.	B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	50%	UD 5	CMCCT	
			FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	50%		CMCCT	
			FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	75%		CMCCT	
f h m	B5.9. Fontes de enerxía. B5.10. Aspectos industriais da enerxía.	B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	75%		CCL CMCCT CSC	



- UD 1. O traballo científico.
- UD 2. A materia e as súas propiedades
- UD 3. O mundo material: os átomos
- UD 4. A materia na natureza
- UD 5. Transformación no mundo material: a enerxía
- UD 6. Calor e temperatura
- UD 7. Cambios químicos na materia
- UD 8. Movemento dos corpos
- UD 9. As forzas e os seus efectos
- UD 10. A presión
- UD 11. O universo e a forza da gravidade

### 3.2 FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica						
f h	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	75%	UD 1	CAA CMCCT
			FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	50%		CCL CMCCT
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	50%		CAA CCEC CMCCT
F	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. B1.5. Erros. B1.6. Traballo no laboratorio.	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	100%		CMCCT
			FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	75%		CAA CMCCT
F	B1.6. Traballo no laboratorio.	B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguri-	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias,	75%	CMCCT	

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
		dade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.			
efhi	B1.7. Procura e tratamento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	50%		CAA CCL CMCCT
			FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	50%		CD CSC
be fghi	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. B1.5. Erros. B1.6. Traballo no laboratorio. B1.8. Proxecto de investigación.	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	50%		CAA CCL CD CMCCT CSIEE
			FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	50%		CSIEE CSC
Bloque 2. A materia						
F	B2.1. Estrutura atómica. Modelos atómicos.	B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número máxico, utilizando o modelo planetario.	75%	UD 4	CCEC CMCCT
			FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	100%		CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
			FQB2.1.3. Relaciona a notación co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	75%		CMCCT
f m	B2.2. Isótopos. B2.3. Aplicacións dos isótopos.	B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	50%		CMCCT CSC
f l	B2.4. Sistema periódico dos elementos.	B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	75%	UD5	CMCCT
			FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	50%	UD 6	CMCCT
F	B2.5. Unións entre átomos: moléculas e cristais. B2.6. Masas atómicas e moleculares.	B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	50%		CMCCT
			FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	75%		CMCCT
e f m	B2.7. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.	B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso fre-	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, ba-	75%		CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
o		cuente e cofecido.	seándose na súa fórmula química.			
			FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	50%		CAA CCL CD CMCCT CSIEE
F	B2.8. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	50%		CCL CMCCT
Bloque 3. Os cambios						
F	B3.1. Reacción química.	B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	75%	UD 7	CMCCT
b f	B3.2. Cálculos estequiométricos sinxelos. B3.3. Lei de conservación da masa.	B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	75%		CMCCT
			FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	50%		CMCCT
F	B3.4. Velocidade de reacción.	B3.3. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na ve-	FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de for-	50%		CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
		localidade das reaccións químicas.	mación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.			
			FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúe significativamente na velocidade da reacción.	50%		CMCCT
e f h m	B3.5. A química na sociedade e o ambiente.	B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	50%	UD 7	CMCCT CSC
			FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	50%		CMCCT CSC
Bloque 4. O movemento e as forzas						
F	B4.1. Carga eléctrica. B4.2. Forza eléctrica.	B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	50%	UD 8	CMCCT
			FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	50%		CCEC CMCCT
F	B4.1. Carga eléctrica.	B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente si-	50%		CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
		mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.	tuacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.			
b f g	B4.3. Imáns. Forza magnética.	B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	50%	UD 6	CMCCT
			FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	10%		CMCCT CSIEE
F	B4.4. Electroimán. B4.5. Experimentos de Oersted e Faraday.	B4.4. Comparar os tipos de imáns, analizar o seu comportamento e deducir mediante experiencias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica.	FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.	10%		CMCCT
			FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	20%		CD CMCCT
b e f g h	B4.6. Forzas da natureza.	B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	25%		CCL CD CMCCT CSIEE
Bloque 5. Enerxía						

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
e f g h m	B5.1. Fontes de enerxía.	B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	50%	UD 10	CMCCT CSC
			FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	50%		CCL CMCCT
f m	B5.2. Uso racional da enerxía.	B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuir ao aforro individual e colectivo.	50%	.....	CMCCT CSIEE
f h	B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	50%	UD 8, 9	CMCCT
			FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	50%		CMCCT
			FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	75%		CMCCT
b e f	B5.4. Transformacións da enerxía. B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	B5.4. Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuitos eléctricos.	FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante	25%	UD 9	CMCCT



Física e Química. 3º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave	
g		cos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.	exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.		UD 9		
			FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	50%			CAA CMCCT
			FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	50%			CMCCT
			FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	50%			CD CMCCT
f	B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm. B5.5. Dispositivos electrónicos de uso frecuente.	B5.5. Valorar a importancia dos circuitos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus compoñentes.	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.	25%		CMCCT	
			FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.	75%		CMCCT	
			FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente	50%		CMCCT	

Física e Química. 3º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	UD	Competencias clave
			función.			
			FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	25%		CMCCT
f h	B5.6. Tipos de enerxía. B5.4. Transformacións da enerxía. B5.7. Aspectos industriais da enerxía.	B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	50%		CMCCT

UD1. O Método científico

UD2. A materia es os seus estados

UD3. A diversidade da materia

UD4. Os átomos

UD5. Os elementos químicos

UD6. Os compostos químicos

UD7. As Reaccións Químicas

UD8. Electricidade e Magnetismo

UD9. Circuitos eléctricos e electrónicos

UD10. A Enerxía

### 3.3 FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO

	Bloque 1. A actividade científica			Grao Mínimo	UD	
a f h l ñ	B1.1. Investigación científica.	B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político.	FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.	50%	UD 1	CMCCT CCL CCEC CSC
			FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	50%		CMCCT CCL CAA CD CSIEE
F	B1.1. Investigación científica.	B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.	FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	75%		CMCCT CAA
F	B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.	B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	50%		CMCCT
F	B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.	B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.	FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	25%		CMCCT
F	B1.4. Erros na medida.	B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.	FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	75%		CMCCT
F	B1.4. Erros na medida. B1.5. Expresión de resultados.	B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	25%		CMCCT

- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **4.2 Obxectivos do Bacharelato**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así coma afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

### 5.1 Temporalización

Para comprobar a relación entre estándares de aprendizaxe, unidades e polo tanto avaliacións ver **apartado 3** da programación.

As avaliacións abranguen os seguintes períodos lectivos:

1ª AVALIACIÓN: do 23/09/20 ao 15/12/20. 2º BACHARELATO: do 23/09/20 ao 16/11/20.

2ª AVALIACIÓN: do 08/01/21 ao 23/04/21. 2º BACHARELATO: do 17/11/20 ao 22/02/21.

3ª AVALIACIÓN: do 06/04/21 ao 22/05/21. 2º BACHARELATO: do 23/02/21 ao data pendente da ABAU

Número de sesións semanais por materia:

	2º ESO	3º ESO	4º ESO FQ	1º BACH	2º BACH Química	2º BACH Física
<b>Sesións semanais</b>	3	2	3	4	4	4

Despois de repasar ás adaptacións das programacións do curso pasado, teremos en conta a materia non impartida para poder reforzala nas unidades correspondentes e no caso de segundo de bacharelato na unidade 0 de repaso tanto en química coma en física.

### 5.1.1 2º ESO

UNIDADES	Sesi3ns	AVALIACI3NS
UD 1. O traballo dos cient3ficos	8	<b>1ª AVALIACI3N</b>
UD 2. A materia e as s3as propiedades	8	
UD 3. O mundo material. Os 3tomos	8	
UD 4. A materia na natureza	6	
UD 5. Transformaci3n no mundo material: a enerx3a	7	<b>2ª AVALIACI3N</b>
UD 6. Calor e Temperatura	7	
UD 7. Cambios qu3micos na materia	7	
UD 8. Movemento dos corpos	9	
UD 9. As forzas e os seus efectos	10	<b>3ª AVALIACI3N</b>
UD 10. As presi3n	10	
UD 11. O universo e a forza da gravidade	10	

### 5.1.2 3º ESO

UNIDADES	SESI3NS	AVALIACI3NS
UD 1. O m3todo cient3fico	7	<b>1ª AVALIACI3N</b>
UD 4. O 3tomo	6	
UD 5. Os elementos qu3micos	7	
UD 6. Os compostos qu3micos	10	<b>2ª AVALIACI3N</b>
UD 7. Reacci3ns qu3micas	10	
UD 8. Electricidade e Magnetismo	7	<b>3ª AVALIACI3N</b>
UD 9. Circuitos el3ctricos	7	
UD 8. A Enerx3a	6	

5.1.3 4º ESO Física e Química

UNIDADES	SESIÓNS	AVALIACIÓNS
UD 1. A actividade científica	4	<b>1ª AVALIACIÓN</b>
UD 2. O átomo e a táboa periódica	10	
UD 3. O enlace químico	10	
UD 4. O átomo de carbono	6	
UD 5. Reaccións químicas	10	<b>2ª AVALIACIÓN</b>
UD 6. Movementos rectilíneo	10	
UD 7. As forzas e os cambios no movemento	10	
UD 8. Movemento circular e gravitación universal	8	<b>3ª AVALIACIÓN</b>
UD 9. Forzas en fluídos	8	
UD 10. Traballo e enerxía	8	
UD 11. A Calor	8	

5.1.5 1º BACHARELATO

UNIDADES	SESIÓNS	AVALIACIÓNS
UD 0. A actividade científica	2	<b>1ª AVALIACIÓN</b>
UD 1. Natureza da materia	10	
UD 2. Estados da materia	10	
UD 3. Reaccións Químicas	18	
UD 4. Termodinámica: calor e temperatura	10	<b>2ª AVALIACIÓN</b>
UD 5. Aspectos enerxéticos e espontaneidade nas R.Q	10	
UD 6. Química do Carbono	10	
UD 7. Cinemática: Movemento rectilíneo e a súa composición	10	
UD 8. Cinemática: Movemento circular e a súa composición	11	<b>3ª AVALIACIÓN</b>
UD 9. Dinámica: as forzas e os seus efectos	11	
UD 10. Traballo e Enerxía	10	
UD 11. Lei da gravitación universal	5	
UD 12 Lei de Coulomb	5	

5.1.5 2º BACHARELATO QUÍMICA/ 2º BACHARELATO FÍSICA

UNIDADES	SESIÓNS	AVALIACIÓNS
UD 0: Cálculos elementais en química	10	1ª AVALIACIÓN
UD 1: Estrutura atómica e UD 2: clasificación periódica dos elementos	10	
UD3: Enlace químico e propiedades das substancias	12	
UD 4: Cinética química	6	2ª AVALIACIÓN
UD 5: O equilibrio químico e UD 6: Equilibrio heteroxéneo	15	
UD 7: Ácidos e bases	15	
UD 8: Introducción a electroquímica	17	3ª AVALIACIÓN
UD 9: Química do carbono	15	

<b>UNIDADES</b>	<b>SESIONS</b>	<b>AVALIACIONES</b>
UD 0: Repaso Física	10	1ª AVALIACIÓN
UD 1: Campo gravitacional	20	
UD 2: Campo electrostático	10	2ª AVALIACIÓN
UD 3: Campo magnético	10	
UD 4: Inducción magnética	5	
UD 5: Movimiento ondulatorio	12	
UD 6: Óptica geométrica	10	
UD 7: Mecánica cuántica	10	3ª AVALIACIÓN
UD 8: Física nuclear	10	
UD 9: Física relativista	5	



### **5.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Para comprobar o grao mínimo de consecución en relación cos estándares de aprendizaxe, unidades, criterios de avaliación, contidos, competencias e obxectivos, **ver cadro correspondente ao apartado 3 da programación.**

### **5.3 Procedementos e instrumentos de avaliación**

Para ver os procedementos e instrumentos de avaliación **ver apartado 8** da programación.

## **6. Concrecións metodolóxicas**

O currículo desta disciplina hase de corresponder coa natureza da Ciencia como actividade construtiva en un proceso de permanente revisión, tanto como actividade en si mesma como dos coñecementos adquiridos nun momento dado.

Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.

Desenvolven un papel importante nese proceso as ideas previas, suposicións, crenzas e, en xeral, os marcos previos de referencia dos alumnos e alumnas, xa que estes adoitan construí-lo coñecemento a partir das súas concepcións.

O ensino das Ciencias, no noso caso a Física e Química, adoita facilitar un cambio en ditas estruturas mentais e, se cómpre, o seu derrubamento, para poder edificar un esquema mental con rigor científico.

O alumnado debe coñecer e utilizar, na medida das súas posibilidades, algúns métodos habituais que a actividade científica emprega no proceso de investigación. O profesor debera seguir as pautas de traballo do método científico correspondente a cada contido.

En canto ao **procedemento de ensinanza** podemos indicar os seguintes puntos.

- Explicación polo profesor.
- Realización de cuestións e problemas sobre o explicado para unha adquisición de coñecementos e mellora de destrezas.
- Investigacións bibliográficas (biblioteca, internet,...)
- Traballo práctico e/ou de investigación; con instrumentos de medida e análise no laboratorio ou na aula.
- Actividades de aplicación que tratan de aumentar a capacidade de transferir as aprendizaxes a situacións novas ou distintas.
- Actividades destinadas á comprensión de conceptos: clasificación de obxectos, comparación, interferencia, dedución ou aquelas actividades que requiren, a partir dunha información dada, reproducila noutras palabras, explicala ou ilustrala.

- Intentarase establecer relacións de carácter interdisciplinar entre a física, a química e a maioría das áreas: matemáticas, educación física, xeografía e historia, ciencias naturais... ademais das relacións cos temas transversais máis adiante citados.

- Potenciarase o traballo en grupo e a cooperación á hora de desenvolver as tarefas encomendadas.

A aprendizaxe cooperativa é unha metodoloxía para a construción de coñecemento e a adquisición de competencias e habilidades sociais e comunicativas para a vida, fundamental no traballo en equipo e entre iguais. Baséase na corresponsabilidade, a interdependencia, a interacción e a participación igualitaria de todos os membros, e fomenta valores como a tolerancia, o respecto e a igualdade. Este aprendizaxe ponse en práctica mediante estruturas cooperativas, é dicir, técnicas ou formas de traballo en equipo, con roles asignados aos seus membros, uns tempos establecidos e unas pautas de organización para desenvolver unha tarefa ou actividade. As estruturas poden ser simples ou complexas; estas últimas aparecen da combinación de varias estruturas para realizar un traballo. Fréente ao traballo en grupo, o traballo cooperativo require da participación equitativa de todos os alumnos, e da súa responsabilidade individual, colaboración e axuda mutua para acadar o éxito do equipo na actividade proposta.

- Planificaranse situacións da vida cotiá o máis achegadas a eles que se poidan aproveitar para o deseño de actividades.
- Terase en conta os coñecementos previos dos alumnos e a conexión que poden establecer cos coñecementos novos.
- As actividades, que se desenvolvan, deben estar ao alcance dos coñecementos do alumnado, pero sen ser tan fáciles ou rutineiras que provoquen tedio ou sensación de perda de tempo.

## **6.1 Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia**

### **1. Un grupo completo:**

- No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira telemática
- As tarefas propostas indicaranse durante a docencia online e/ou colgaranse na aula virtual.
- As tarefas resoltas enviaranse ao profesorado por correo electrónico.
- Poderán ser corrixidas mediante:
  - clase telemática no horario da materia.
  - corrección individualizada e posterior envío por correo electrónico.
  - correccións globais explicativas subidas á aula virtual.

### **2. Parte do grupo:**

- No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira presencial e telemática.
- Para o alumnado que acuda ás aulas, seguirase a metodoloxía habitual descrita na programación.
- Para o alumnado que non asista presencialmente; no referente ás tarefas; seguirase o procedemento descrito no apartado 1 (Grupo completo).

## **6.2 Metodoloxía no caso do alumnado que non poida seguir ensinanza telemática**

### **1. Acceso limitado a internet, unicamente: correo, aula virtual, pero non segue a clase online**

O alumnado poderá acceder a explicacións escritas detalladas, tarefas propostas e correccións personalizadas subidas á aula virtual ou mediante o envío de dito material ao correo electrónico.

### **2. Sen acceso a internet**

- Despois da comunicación da ausencia (total ou parcial) dos/as estudantes; **tentarase (para este alumnado) nos dous días seguintes a dita comunicación, deixar impresas as explicacións detalladas, actividades propostas e actividades resoltas, desa semana:**
  - En conserxería (para que o recolla alguén achegado, que non se atope en corentena)
  - Para enviarse por correo ordinario, ou **a través de reparto do concello?**

- Se a ausencia do grupo ou do alumnado específico, se prolonga no tempo, os luns de cada semana os estudantes terán á súa disposición este material seguindo as vías anteriores.
- As dúbidas referentes á materia poderán ser resoltas mediante vía telefónica nas horas de titoría de atención a pais e nais e/ou nas horas de xefatura de departamento.

## 7. Materiais e recursos didácticos

Utilizarase o libro de texto nos seguintes cursos:

2º ESO: Física y Química, Ed: Oxford.

3º ESO: Física y Química, Ed: Oxford.

4º ESO: Física y Química, Ed: Oxford.

1º Bacharelato: Física y Química, Ed: Anaya

2º Bacharelato Química: Química. Ed: Baía / Apuntamentos

2º Bacharelato Física: Física. Ed: Oxford / Apuntamentos

Empregaranse fotocopias como apoio ás explicacións do profesor e á realización de exercicios. En primeiro de bacharelato non se utilizará libro de texto polo que este recurso substituirá ao libro.

Cando sexa oportuno e posible, levarase a cabo o visionado dalgún documental, película, animación ou programa de televisión (Tres14, el escarabajo verde, Orbita Laika, etc.) coa finalidade de fomentar a motivación e afianzar os conceptos.

Utilizaranse nalgúns cursos o material audiovisual :presentacións, animacións e/OU simulacións.

O taboleiro dixital utilizarase nalgúns ocasións; en actividades destinadas á comprensión e asimilación de conceptos.

Empregaranse instrumentos de medida e debuxo para a resolución de diversas cuestións nas que sexa necesario.

Utilizarase calculadora científica na resolución dos exercicios numéricos.

Usarase Internet, para desenvolver pequenas investigacións ca finalidade de buscar de información de maneira guiada

Recompilarase bibliografía (revistas, Internet, libros de texto ou outros) co fin de desenrolar a capacidade de investigación e ser capaces de sintetizar o material recollido.

Farase uso de material de laboratorio para as prácticas que se fagan ao longo do curso e material caseiro para algunha práctica que se poida facer co mesmo.

Ademais dos materiais anteriormente citados ata o momento pódese empreñar calquera outro material que o profesor estimara oportuno nun momento dado.

## 8. Criterios e procedementos sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Instrumentos de avaliación

### 8.1 Criterios e procedementos de avaliación, cualificación e instrumentos de avaliación

#### 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BACHARELATO E 2º BACHARELATO

---

	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC QUÍMICA 2º BAC FÍSICA
Traballo (aula / laboratorio / actividades TIC )	30 %	20 %	20 %	20 %	10%
Probos escritas	70 %	80%	80%	80%	90%

#### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Mediante os instrumentos de avaliación rexistrarase a evolución de cada alumno e alumna e serán os seguintes:

1. **O traballo na aula**, tanto individualmente como en grupo, avaliarase mediante a rúbrica C
2. **O traballo no laboratorio** será avaliado en cada avaliación mediante a rúbrica L. Nas visitas ao laboratorio a profesora anotará aspectos do traballo nas distintas prácticas que empregará para cubrir unha rúbrica L en cada avaliación.
3. **A avaliación das actividades TIC dos temas** farase mediante a rúbrica TIC.
4. **Probos escritas:** Os distintos niveis de logro dos estándares traballados en cada unidade didáctica serán avaliados mediante probas escritas. Estas incluírán todos os estándares das unidades impartidas dende o inicio da avaliación correspondente e levarán indicada a puntuación que poden obter en cada unha das cuestións formuladas.  
No caso de que sexa posible faranse como mínimo dúas probas escritas en cada avaliación. Calcularase a media aritmética ou ponderada das notas acadadas en cada unha. Cada proba incluírá preguntas escollidas entre as seguintes preguntas tipo, tendo en conta cales se adecúan máis aos contidos a avaliar:
  - Definicións
  - Preguntas de Verdadeiro/Falso e razoar ou non a resposta
  - Preguntas test
  - Cuestións breves

- Interpretación ou elaboración de debuxos, figuras, gráficos, esquemas...
- Cuestións similares ás actividades feitas na aula.
- Resolución de problemas ( Valorarase tanto se o planteamento é lóxico coma se o resultado é correcto)

## RÚBRICAS

RÚBRICA C	NUNCA	CASE NUNCA	ALGUNHAS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
	0	3	5	7	10
PRESTA ATENCIÓN NA CLASE					
RESPEA AS OPINIÓNS DOS COMPAÑEIROS					
SEGUE AS INSTRUCIÓNS DA PROFESORA					
PARTICIPA NA AULA E PREGUNTA DÚBIDAS					
REALIZA AS TAREFAS DIARIAS					
NOTA					

RÚBRICA L	NUNCA	CASE NUNCA	ALGUNHAS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
	0	3	5	7	10
FAI CASO DAS ADVERTENCIAS DO PROFESOR RESPETANDO AS NORMAS DE SEGURIDADE					
DESCRIBE CORRECTAMENTE O PROCEDEMENTO E ENUMERA O MATERIAL EMPREGADO					
FAI AS GRÁFICAS					
FAI OS CÁLCULOS					
EXTRAE CONCLUSIÓNS					
LAVA O MATERIAL E DEIXA A MESA RECOLLIDA E LIMPA					
NOTA					



RÚBRICA TIC	0	3	5	7	10
EXPOSICIÓN					
CONTIDOS					
ESTRUTURA					
RECURSOS					
NOTA					

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse que non aproban a materia as cualificacións inferiores a cinco. Una vez recollidas as evidencias no proceso de avaliación, a cualificación do alumno ou da alumna en cada trimestre obterase segundo os seguintes criterios:

- A porcentaxe correspondente (especificada por curso, na táboa ao comezo deste apartado) da media aritmética ou ponderada das cualificacións obtidas nas **probos escritas**.

### *\* Consideracións para as probas escritas*

- O redondeo ó alza de calquera nota faráse a partires dunha compoñente decimal de 0,75.
  - Se se sorprende a un alumno copiando nun exame, asignaráselle un cero nesa proba.
  - Non se fará media con unha nota inferior a 3 nalgunhadas probas escritas. Nese caso a máxima nota será un 4.
- 
- A porcentaxe correspondente (especificada por curso, na táboa ao comezo deste apartado) da media aritmética da rúbrica C, rúbrica L e a rúbrica TIC. No caso de non lewares a cabo algunha parte: traballo de laboratorio ou traballo TIC, non se terá en conta nesa media aritmética

## 8.2 Cualificación final e plan de recuperación

### **2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BACHARELATO, 2º BACHARELATO**

---

- A nota final obterase a partir da media aritmética das tres avaliacións; para facer esta media a nota da avaliación deberá ser como mínimo un 4. Nesta media teranse en conta as recuperacións substituindo a nota da avaliación pola nota final do proceso de recuperación.
- Haberá unha proba de recuperación por cada avaliación, a nota final da recuperación obterase tendo en conta únicamente a nota dese exame.

## 8.3 Avaliación Extraordinaria

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA TODOS OS CURSOS**

---

Esta proba constará de diversas cuestións e ou problemas relacionadas cos contidos do curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria de setembro quedará determinada pola nota obtida na proba escrita extraordinaria. Para obter unha cualificación positiva o alumno deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

### 9.1 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### 9.2 Indicadores para valorar a práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Unha vez recollidos os resultados a modo de aspectos positivos e aspectos mellorables, estableceranse propostas de mellora, concretando accións e actividades que se levarán a cabo así como modificacións na temporalización e metodoloxía.

## **10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias**

### **pendentes**

Os alumnos coa Física e Química pendente da E.S.O. ou de 1º de Bacharelato, serán citados ao comezo de cada trimestre para darlles una serie de exercicios que deberán facer para repasar a materia pendente e que poderán puntuar ata un 30% en segundo da ESO, ata un 20% no caso de terceiro da ESO e ata un 10% no caso do Bacharelato; a entrega dos exercicios farase unha semana antes de cada exame.

A materia que o alumnado deberá preparar para a recuperación das pendentes, será a impartida presencialmente durante o curso 2019/2020.

Levaranse a cabo tres probas (cada proba contará un 70% para 2º da ESO, un 80% para 3º da ESO e un 90% en Bacharelato) nelas repartirase a materia de forma equitativa. A primeira proba será en novembro, a segunda en febreiro ou marzo e a terceira en maio.

A nota ordinaria obterase da media aritmética das tres probas sempre e cando a nota de cada avaliación non sexa inferior a 4.

No caso de non aprobarse mediante o sistema anterior, poderán presentarse a unha proba final de toda a materia no último trimestre (maio), que corresponderá ao 100% da nota.

Todas as datas das devanditas convocatorias serán comunicadas con antelación polo Departamento.

En calquera momento o alumnado poderá concertar unha cita ca profesora para poder solucionar as dúbidas que vaian xurdindo na preparación da materia.

## **11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos**

Os alumnos que non tivesen cursado Física e Química para poder acreditar os seus coñecementos en bacharelato poderán optar por un dos procedementos seguintes

- Matricularse como pendente e seguir o proceso de recuperación proposto para as materias pendentes detallado no apartado 10.

- Optar a unha proba correspondente a toda a materia referida ao curso no que se van a acreditar os coñecementos. A data da proba fixarase ao comezo do curso e constará de problemas e cuestións teóricas. Para superar dita proba o alumnado deberá acadar un mínimo de un 5.

## **12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Para avaliar ao alumno/a levarase a cabo unha análise a través de:

- a) Informes do curso anterior (relacionados: tanto coas competencias acadadas nas distintas áreas coma cos elaborados polo titor) dos que dispoña o profesor-titor.
- b) Observación directa nas distintas sesións da materia e a partires dalgunha proba, onde se analicen:
  - Lectura de textos: Comprende o que le.
  - Expresión oral: Exprésase con fluidez, facéndose entender.
  - Expresión escrita: Respecta a convención ortográfica. Elabora un texto de forma organizada, mantendo a coherencia e a cohesión das ideas, e respectando os criterios de corrección.
  - Comprensión oral-escrita: Distingue as ideas principais das secundarias. Resume e esquematiza un texto.
  - Razoamento lóxico e matemático: Ante unha situación problemática, segue un proceso de razoamento lóxico para resolvela e, ademais, é capaz de extraer conclusións.
  - Integración social: Relaciónase adecuadamente cos seus compañeiros e profesores, así como cos demais membros da comunidade educativa.
  - Actitude ante o estudo: Traballa con regularidade e de forma organizada. Participa activamente no desenvolvemento das clases. Asiste ao centro de forma continua e cumpre co horario escolar.

Unha posible valoración (de 1 a 4) dos puntos anteriormente citados poderán obedecer á seguinte clave xenérica :

1. Grado de dominio baixo e con dificultades de aprendizaxe.
2. Grado de dominio baixo, pero apréciase motivación e actitude positiva.
3. Grado de dominio suficiente.
4. Grado de dominio alto.

Os resultados obtidos permitirán:

- a) Adoptar medidas de atención á diversidade.
- b) Adaptar as actividades ao alumnado.
- c) Xunto con dinámicas de coñecemento do grupo, organizar a aula de maneira que o alumnado poida traballar de maneira cooperativa.

### **13. Medidas de atención á diversidade.**

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que os materiais curriculares posibiliten unha acción aberta dos profesores e profesoras, de forma que tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas poidan variar segundo as necesidades específicas da aula. Dentro das medidas que se poderán adoptar atópanse medidas ordinarias curriculares:

- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programa específico para alumnado repetidor da materia.
- Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

### **14. Temas transversais**

Ao longo da materia e en colaboración cas distintas actividades que organice o centro poderanse abordar os seguinte temas transversais.

#### ***A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación.***

Levarase a cabo a lectura e comentario de textos (libro de texto, noticias do xornal relacionadas co tema, libros científicos, etc.). Tamén se fará unha lectura en alto dalgúns problemas, analizando os datos, para a partir da lectura comprensiva ser capaces de encontrar a resposta. Tamén se traballará a comprensión lectora dende o programa "Hora de ler" organizado pola biblioteca do centro.

Trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos

e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non o son, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como argumentativos, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles. Na resolución de problemas débese estimular a lectura comprensiva a través da contextualización da situación, da identificación dos conceptos que aparecen e das relacións que se establecen entre os ditos conceptos e os datos.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, terá como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo coma a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propiciarán, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a competencia dixital merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permitirá realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implicará a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permitirá desenvolver o espírito crítico do alumnado.

### ***O emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias,***

A educación moral e cívica é obxecto de tratamento en todas as unidades. Considerándose situacións en que cada alumno/a debe desenvolver as actitudes correspondentes en relación tanto co traballo individual como coas tarefas colectivas. Tamén se expoñen temas de carácter xeral, dirixidos a fomentar o espírito crítico e o asentamento da propia cosmovisión da mocidade, en pleno proceso de conformación da súa identidade. É evidente a necesidade de reflexionar e ensaiar a adquisición de comportamentos democráticos e cidadáns que sexan activos e responsables.

As situacións de consumo afróntanse dende unha perspectiva ampla. Trátanse multitude de aspectos, relacionados co desenvolvemento da actitudes de consumo responsable na xuventude, dende os grandes problemas de carácter xeral, até cuestións concretas relacionadas co vivir de cada día.

Fomentarase o ***desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade***, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e ***resolución pacífica de conflitos en***

**todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social**, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Traballarase; a **prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia**, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Co fin de fomentar a tolerancia e erradicar os posibles casos de racismo e xenofobia da nosa sociedade, abordamos a temática intercultural naquelas unidades que o permitan. O obxectivo é mentalizar ao alumnado sobre a situación das persoas con orixes étnicas, raciais ou relixiosas..., diferentes das nosas, e o dereito que teñen a vivir integrados e aceptados de forma activa na sociedade. Lograr unha coeducación integradora é tamén un propósito á hora de formular a linguaxe, até conseguir que esta resulta correcta, non discriminatorio, e cunha distribución equiparada dos roles.

No **ámbito da seguridade viaria**, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Dende a materia pódese contribuír ás campañas de educación viaria, relacionando a necesidade das limitacións de velocidade co tempo que transcorre e a distancia que se percorre desde que un vehículo inicia a freada ata que se detén. Esta reflexión vincula os coñecementos adquiridos en clase con situacións reais, mostrando que os consellos sobre as limitacións de velocidade e a distancia mínima de seguridade entre vehículos teñen fundamentos físicos. Pódense valorar, ademais, as posibles consecuencias nos accidentes de tráfico por incumprimento das normas de circulación.

## **15. Actividades complementarias e extraescolares**

Ao longo do curso poderanse realizar varias actividades complementarias referentes á física e a química, tanto dentro como fora do centro, como, por exemplo:

- Visitas culturais a museos, exposicións, semanas da ciencia, etc.,
- Visitas a empresas cuxa actividade estea dentro do ámbito científico-tecnolóxico.
- Visitas a parques naturais da comunidade e a aulas da natureza.



- Saídas ao campo en coordinación coa Concellería de Medio Ambiente do Concello para realizar distintos tipos de actividades.
- Videofórum de películas que traten temas relacionados ca física e a química.
- Visitas dalgúns científicos ou científicas ao centro, co fin de achegarlle ao alumnado a investigación científica actual

## **16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

Ao chegar a este punto, é imprescindible ter en conta que todo é susceptible de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Xa durante o curso académico, o profesor debe detectar o grao en que os alumnos adquiren os contidos e os posibles fallos ou defectos da programación (desmotivación, significatiñña da aprendizaxe, interese por outros aspectos menos tratados...). Así, aínda sendo a Programación un instrumento que se elabora con vontade de permanencia no tempo, a necesidade de evitar que se reduza a mero formalismo burocrático, co fin de determinar a súa utilidade e validez e introducir os cambios e reelaboracións que se consideren necesarias implica un proceso de avaliación continua.

Converter a programación nun instrumento útil e eficaz para a xestión e organización da práctica pedagóxica que dea resposta e desenvolva as finalidades educativas marcadas para un curso, esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Neste sentido, o plan de avaliación da programación non é a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo. Aínda que o programación é un instrumento indispensable para dar coherencia ao funcionamento dun curso, a súa elaboración é progresiva e lenta, tanto polas características da mesma, como pola necesidade de que as propostas e decisións que a integran sexan realmente compartidas por todos os profesores da área; isto implica que a súa avaliación ha de posuír as características de proceso progresivo, constituíndo un desenvolvemento esencialmente autoevaluador. O grao de coherencia interna entre as accións emprendidas e os distintos elementos da programación, a súa continuidade no tempo, a súa aplicación á realidade..., deberán ser valorados en si mesmos. Así serán obxecto de avaliación: os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, criterios de avaliación, secuencia de unidades didácticas, etc.

A avaliación da programación levarase a cabo de forma trimestral ca análise dos seguintes indicadores.

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Despois de recoller os resultados, farase unha síntese de todos aqueles aspectos que acaden menos dun tres ao longo de todo o curso para que poidan ser mellorados e sexan o punto de partida nas modificacións da programación do vindeiro curso académico.